



# Memoria 2022

1. Contexto
2. Xestión da organización
  - 2.1 Estrutura organizativa
  - 2.2 Organizacións sociais
  - 2.3 Ingresos
3. Incidencia y Sensibilización
  - 3.1 Cinema Rabudo
  - 3.2 Acollemento familiar de menores
  - 3.3 Muda o conto
  - 3.4 Comunicación de Guerrilla
  - 3.5 Defensoras de Dereitos
  - 3.6 Mulleres Bravas
4. Formación a colectivos con capacidade de réplica
  - 4.1 XI Seminario de Comunicación Social
  - 4.2 Cambiemos as Narrativas
  - 4.3 Comunicación participativa. Erasmus Plus
5. Proxectos
  - 5.1 Proxectos educativos
    - 5.1.1 Activistas polo mundo que queremos
    - 5.1.2 EpdLab VIII
    - 5.1.3 Escolas sen Racismo. Edición final
    - 5.1.4 Xeración Contrainfo. Proxecto Piloto
    - 5.1.5 Radio Escolar contra a Igtbifobia
    - 5.1.6 Memoria Democrática. Voces das mulleres

## 5.2 Proxectos Acción Social

### 5.2.1 A Tribo. Fase 2

## 5.3 Proxectos de Cooperación

5.3.1 A loita polo dereito á saúde desde as comunidades e movementos feministas El Salvador

5.3.2 Mulleres en loita pola auga. Visita Laura Herrera

5.3.2 Dereitos Sexuais e Reprodutivos vulnerados República Dominicana

## 5.4 Proxectos Audiovisuais

5.4.1 Migración con perspectiva de xénero en Cabo Verde

5.4.2 Comercio Xusto en El Salvador

5.4.3 Educación inclusiva en Guatemala

6. Traballo en Rede

7. Voluntariado

8. Formación interna

9. Planificación estratéxica

10. Plan de igualdade

## 1. CONTEXTO

A Asociación Galega Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) é unha organización sen ánimo de lucro, formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que cre no poder da comunicación como ferramenta de transformación social. O seu principal obxectivo é utilizar as ferramentas de comunicación para conseguir unha sociedade máis xusta, principalmente a través de proxectos de Cooperación Internacional, Educación para o Cambio e Acción Social.

Creada en xuño de 2008, AGARESO defínese como unha organización non governamental de desenvolvemento laica, comprometida politicamente, pero apartidista. Concibe a comunicación como unha disciplina imprescindible cara a unha reflexión social colectiva, o empoderamento das persoas, a defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento dos pobos. Os seus integrantes comprométese co deseño, a produción, realización e difusión de proxectos de cooperación que contribúan á creación dunha cidadanía máis crítica e capacitada para a loita contra a desigualdade global.

O 2018 e 2019 foron anos de fortalecemento interno no que se acadou, despois de moito esforzo, unha planificación estratéxica. Este décimo primeiro ano de vida da organización supuxo a reconstrución da identidade da mesma, que supón, nin máis nin menos, a consolidación definitiva do proxecto de organización que naceu en 2008. O ano 2020 foi un ano, que en parte debido a propia crise sanitaria, levounos a innovar e facer apostas máis arriscadas que finalmente tiveron os seus froitos e permitiron non só manter a estrutura e acción da entidade, senón ampliar, tanto postos de traballo como liñas de intervención. Finalmente este 2022 plantexouse unha nova estratexia a catro anos moito máis ambiciosa, no que a actuacións en profundidade se refire, e máis acaída cos obxectivos fundamentais da organización.

Este ano tivemos a 9 persoas contratadas como asalariadas, todas elas indefinidas, e ademais mantéñense todos os postos da Xunta Directiva nomeada no 2018, e as tres persoas que se sumaron no 2020, e que seguen participando.

Diversificamos o financiamento dous nosos proxectos, ampliando deste modo a súa capacidade de xestión económica. Ao longo deste ano renováronse tres proxectos educativos "O mundo que queremos, EpdLab e Escolas sen Racismo", todos eles financiados pola Xunta de Galicia ao igual que os proxectos de cooperación executados en El Salvador e na República Dominicana. Pero sumamos propostas novas, como o proxecto piloto de educación Xeración Contrainfo ou o proxecto de sensibilización Comunicación de Guerrilla polo Dereito Humano a Auga. Seguimos facendo medrar as nosas ofertas de documentais por causa, con un sobre a situación das persoas discapacitadas en Guatemala ou o aporte do Comercio Xusto en El Salvador. Aproveitamos a nosa aposta anual de Cinema Rabudo para presentar tamén o documental sobre a migración das mulleres caboverdianas a Burela, e todo o que implica en ambos lados do mar.

Ademais, Fundación A Caixa financiounos o proxecto de acción social que por terceira vez e conseguimos por segunda vez financiación a través da convocatoria do 0,7 para traballar sensibilización con xuventude e reforzar o voluntariado.

A isto habería que engadir, que realizamos un ano máis formación para o profesorado, que implementamos a segunda fase do proxecto Cambiemos as Narrativas coas Asociacións de Nais e Pais dos centros educativos para desenvolver accións de sensibilización sobre xénero.

## 2. XESTIÓN DA ORGANIZACIÓN

### 2.1. Estrutura organizativa

AGARESO é unha organización pequena que, aínda que ten representantes noutras autonomías españolas, traballa principalmente desde Galicia, polo que a súa Xunta Directiva, e a maioría dos seus socios e socias, radican en Galicia. Ten sede central no municipio de Santiago de Compostela, pero tamén posúe delegacións en Lugo e en Pontevedra, e desenvolve actuacións en todo o territorio galego.

Está integrada por unha Xunta Directiva de 8 persoas: Presidenta e Tesoureiro, Vicepresidente, Secretario e 5 vogais. Cada 4 anos son renovados pola Asemblea Xeral de Socios e Socias, a última vez levou a cabo en setembro de 2022. Todos eles e elas teñen funcións definidas que coordinan co equipo técnico da organización, que nestes momentos está integrado por unha Dirección Técnica, unha Técnica de Proxectos de cooperación, 5 técnicas/os de educomunicación e 2 técnicas de xuventude e voluntariado. As labores administrativos son realizados principalmente pola coordinadora técnica, xunto cunha asesoría especializada.

AGARESO desenvolve intervencións nos seguintes ámbitos:

**Cooperación Internacional.** Execución de proxectos de Comunicación para o Desenvolvemento en países do Sur, tales como fortalecemento de radios e canles de televisión comunitarias, creación e formación de redes de informadores locais e formación de profesionais do sur en comunicación.

**Educación para o Cambio Social.** Deseño e execución de proxectos de ED en Galicia que empreguen as ferramentas de comunicación para reforzar a reflexión e o discurso sobre as temáticas da ED, e que ao mesmo tempo axuden a crear os seus propios discursos aos colectivos beneficiarios e a formar ao profesorado en técnicas innovadoras de aprendizaxe.

**Acción Social.** AGARESO pon especial énfase no traballo con colectivos en risco de exclusión social para que a través da comunicación sexan capaces de empoderarse, elaborar o seu propio discurso e loitar polos seus dereitos.

**Sensibilización e Visibilización.** A través de campañas de comunicación, realización de materiais de difusión sobre solidariedade e cooperación e co apoio á difusión de proxectos AGARESO pretende incidir na sociedade galega sensibilizándoa sobre a necesidade loitar contra a inxustiza social e a pobreza, ao mesmo tempo que se visibiliza a necesidade de seguir apostando por un modelo de desenvolvemento máis xusto e respetuoso ca natureza e cos dereitos humanos.

Destacar, que o voluntariado da organización participa activamente na maioría das actividades que realiza, na execución de proxectos en Galicia e nos países do Sur, nos que sempre hai un espazo para a súa participación e para o que se convida de maneira transparente e aberta a toda a base social a postularse. Neste momento Agareso ten en 32 persoas socias e 677 persoas voluntarias, 46 mulleres e 31 homes.

## 2.2. Organizacións socias

Dende o seu nacemento Agareso axudou a un gran número de entidades e institucións a visibilizar os seus proxectos. Polo tanto, a día de hoxe é unha das organizacións que máis sinerxías establece con outras ONGD do sector galego de cooperación e moitas das súas achegas son percibidas como complementarias para outros proxectos de maior tamaño.

A transversalidade do traballo realizado por Agareso posibilita a súa participación en proxectos doutras organizacións aos que complementa aportando a súa especialidade en sensibilización e comunicación para o desenvolvemento.

Deste xeito, Agareso participa de maneira constante en proxectos promovidos pola **Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)** que implementan a labor de Agareso co fin de que a súa cooperación promovan entre a poboación das zonas nas que se actúa valores como a igualdade, o aproveitamento dos recursos naturais, a oposición á violencia ou a importancia da identidade social e cultural. Ademais, este consorcio estable de 12 anos permitiu crecer a ambas entidades, retroalimentándose sobre as súas diferentes experiencias.

Ao longo deste ano, como se abordará nos apartado específico destinado a falar dos proxectos de cooperación, Agareso traballou xunto con ACPP en El Salvador e na República Dominicana.

No caso da Cooperación este ano estreamos novas socias coa **Facultade de Socioloxía da UdC** coas que conseguimos un proxecto conxunto de investigación en Cabo Verde e comezamos tamén unha nova liña de traballo coa **Colectiva Feminista de Desenvolvemento Local y el Centro de Investigación para la Acción Femenina** como contrapartes no Salvador e República Dominicana.

No eido da educación polo cambio social, Agareso traballa desde hai 10 anos da man de **Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)** no proxecto O Mundo que Queremos e en actividades concretas doutros proxectos educativos que lidera SIG desde hai 7 anos. No novo proxecto en solitario de educomunicación, Agareso fai sinerxías con entidades de protección a persoas migrantes e racializadas como **Arraianas, Sen Valos e Fundación Secretariado Xitano**.

Agareso cre na importancia de sumar esforzos e ideas xunto a outras organizacións, polo que o fai tamén nos proxectos levados a cabo en Galicia, nos que colabora, entre outras entidades como **Igaxes**, cos que executou o proxecto A Tribo. Fase 2.

Outro dos socios estratéxicos de Agareso é a **Coordinadora Galega de ONGD** da que forma parte desde o 2010 e coa colabora, tanto de forma voluntaria nas comisións e Xunta Directiva, como con prestación de servizos especializados cando o requiren. No 2021 sumámonos a unha nova rede do Terceiro Sector, a **EAPN**, na que colaboraremos nos grupos de traballo de Participación e Comunicación.

Continuamos tamén a aposta por traballar con entidades europeas expertas en xuventude, dentro do marco dos proxectos Erasmus Plus. É o terceiro ano que repetimos **con Solidarités Jeunesse** de Francia como entidade socia e líder dos proxectos.

En menor medida, realizamos colaboracións tamén con outras entidades especializadas en inclusión social en Galicia.

### 2.3. Ingresos

AGARESO desde a súa constitución ata a actualidade non deixou de medrar, tanto a nivel de proxectos executados como de monto económico asignado. Gran parte deste crecemento adicouse a aumentar o número de accións e a ter un maior número de profesionais asalariados. Durante estes 14 anos executou 56 proxectos, financiados por actores tanto privados como públicos da cooperación descentralizada de Galicia.

No 2022 14 proxectos por valor de 379.559, en concreto executamos 2 proxectos de Cooperación, 3 de Educación, 1 de Acción Social, 3 de Xuventude, 1 de Voluntariado, 2 de Incidencia y 3 de Sensibilización, máis unhas cantas asistencias técnicas por accións puntuais.

### Subvención concedidas no 2022

PROXECTO	FINANCIADOR	CANTIDADE	PAÍS	ÁREA	SOCIA LOCAL	SOCIA GALICIA EN	COLECTIVOS BENEFICIADOS	
Fortalecer los mecanismos de participación ciudadana y acceso a servicios públicos de salud sexual y reproductiva de calidad en el contexto de la COVID 19, en los Municipio de Jiquilisco y Usulután, El Salvador. Fase III	Cooperación Galega (XG)	256.611,04€	El Salvador	Cooperación Exterior	Aprocal	ACPP	Mulleres dos municipios de Jiquilisco	2022
Mejora de los mecanismos locales y nacionales dirigidos a la atención integral y promoción de los	Cooperación Galega (XG)	262.803,07 €	República Dominicana	Cooperación Exterior	IDACOM	ACPP	Mulleres organizadas de San Cristóbal e Haina	2022

<b>DDHH y derechos de las mujeres, en los municipios de San Cristóbal y Haina, Provincia de San Cristóbal, República Dominicana. Fase II</b>								
<b>EpDLab Fase VIII</b>	Cooperación Galega (XG)	34.985,15€	Galicia	EpD			Alumnado de 5 centros educativos da ESO e profesorado	<b>20 22</b>
<b>Xeración Contrainfo</b>	Cooperación Galega (XG)	35.000€	Galicia	EpD			Alumnado de 3 centros educativos de secundaria de Galicia y persoas migrantes	<b>20 22</b>
<b>Activistas polo Mundo que Queremos. 2022</b>	Cooperación Galega (XG)	70.000€	Galicia	EpD		SIG/ACPP	Alumnado de 6 centros educativos de Secundaria de Galicia	<b>20 22</b>
<b>La Tribu Fase 3</b>	La Caixa	40.000€	Galicia	Acción Social		Igaxes	Menores tutelados e en risco de exclusión	<b>20 22</b>
<b>Comunicación de Guerrilla. Dereito á Auga</b>	Fondo Galego de Cooperación	16.400€	Galicia	Incidenca			Mocidade de 10 concellos de Galicia	<b>20 22</b>
<b>Radio escolar como ferramenta de cambio social</b>	Consellería de Política Social	4847€	Galicia	Xuventude			Alumnado de 3 centros educativos galegos	<b>20 22</b>
<b>Muda o conto 2 mocidade contra o discurso do odio nas redes sociais</b>	Consellería de Política Social	4847€	Galicia	Xuventude			Mocidade e estudantes de Xornalismo	<b>20 22</b>
<b>Fomento do voluntariado de comunicación</b>	Consellería de Política Social	5514,39€	Galicia	Voluntariado			Voluntariado de Agareso	<b>20 22</b>



<b>para o cambio social fase 2</b>								
<b>Creación participativa de audios por la memoria de las mujeres</b>	Ministerio de la Presidencia	8.000€	Galicia	Memoria Democrática			Alumnado da ESO de 4 IES de Galicia	<b>20 22</b>
<b>II Mostra de Cinema Rabudo</b>	Deputación de A Coruña	4750€	Galicia	Cultura			Juventud e colectivos sociais de A Coruña	<b>20 22</b>
<b>Cambiamos as Narrativas</b>	Secretaría Xeral de Igualdade	2000€	Galicia	Igualdade			CEIP Brión	<b>20 22</b>
<b>Audiovisual sobre Comercio Xusto</b>	SIG	9000€	Galicia	Cooperación Exterior			Cooperativas comercio xusto El Salvador	<b>20 22</b>
<b>Mulleres Bravas</b>	ESF	2750€	Galicia	Incide ncia			Mulleres hondureñas	<b>20 22</b>
<b>Documental sobre discapacidade en Guatemala</b>	ASF	9000€	Galicia	Incide ncia			Comunidades indígenas de Retalhuleu	<b>20 22</b>

### 3. INCIDENCIA e SENSIBILIZACIÓN

Ao longo do ano 2022 Agareso participou nunha serie de eventos e campañas en solitario ou canda a outras organizacións que buscaban facer incidencia política e sensibilización social.

#### 3.1 Cinema Rabudo



O Fórum Metropolitano da Coruña acolleu os días 1, 2 e 3 de decembro a segunda edición de Cinema Rabudo, a mostra galega de audiovisual inconformista que naceu no outono de 2021 co obxectivo de xerar un espazo de encontro para o audiovisual crítico e incitar o debate e a reflexión sobre problemáticas sociais de actualidade.

Na súa segunda edición, o Cinema Rabudo mantén a aposta por proxectar documentais sociais, pero de alta factura técnica. Feminismos, migracións e refuxio ou a situación do Sáhara Occidental son algúns dos temas que tratan nas cinco pezas que se proxectaron a primeira semana de decembro no Forum Metropolitano da Coruña. A Mostra, ademais da proxección dos filmes, tamén contou coa participación presencial da maioría das autoras e autores das obras, con quen o público tivo a oportunidade de charlar ao rematar as pezas.

#### Programa:

##### ***Limbo, la promesa olvidada***

2020 | 51' | España

Pódese dicir que o Sahara Occidental é un limbo: é o maior territorio do planeta aínda por descolonizar, actualmente baixo ocupación marroquí desde 1975 e en eterna espera irresuelta da súa autodeterminación. Nesta película coñeceremos a historia de opresión e resistencia do pobo saharavi, pero tamén a súa beleza e a súa riqueza desde a poesía visual, os sons que evocan ao Sahara e o relato xeracional dos protagonistas desta

historia. Un proxecto impulsado polas organizacións andaluzas Nomadocs e Sahara Acción Selecta que pretende visibilizar un testemuño esquecido e silenciado. Habrá coloquio posterior co director Antonio Rodrigo.

*Nación*

2020 | 92' | España

**Margarita Ledo Andión**

A fábrica de louza Pontesa pechou en 2001. Vinte anos despois, á espera da sentenza sobre a reclamación de débeda pendente, un grupo de traballadoras lembra o símbolo da súa liberdade individual, a súa emancipación económica e a súa loita sindical. Nieves, Ester, Manuel, Carmen P. e Carmen A., manteñen viva a reivindicación dos dereitos da muller na España do século XX. A historia das súas vidas desenrólase en presenza da esfínxe: reclama a memoria das operarias do téxtil, a louza e a conserva e anuncia voces e arquivos que engarzan tempos e corpos diferentes. Traballar sen cobrar? Iso nin falar.

*Las Desheredadas*

2022 | 19' | España

**Antonio Grunfeld**

Cada ano miles de mulleres chegan a España a traballar os campos de cultivo de Huelva. Temporeras de orixe marroquí contratadas baixo a Orde Gecco, a través do Goberno de España, que sofren constantes abusos laborais e sexuais. Esta violación dos dereitos humanos, dabondo coñecida, repítese ano a ano con total impunidade. Nesta perfecta engrenaxe o empresario goza de total liberdade para ter ás súas traballadoras semi-illadas en condicións dificilmente soportables; converténdolas en vítimas do sistema, desherdadas da súa terra, desamparadas en España.

*Si ka badu, ka ta biradu*

2022 | 55' | España

**Sonia Díaz e Óscar Vázquez**

**Si ka badu ka ta biradu** retrata o papel das mulleres migrantes na supervivencia e no benestar das súas familias, na localidade galega de Burela e na illa caboverdiana de Santiago, a ambos os dous lados da corrente migratoria. Catro xeracións de mulleres contan as súas historias de vida neste documental social que parte dunha investigación académica e, ao facelo, trazan un fiel retrato da división sexual e da organización transnacional dos coidados. Vémolas cociñar, limpar, atender maiores e crianzas tanto nas súas localidades de orixe como na sociedade de destino, a galega, e comprendemos o impacto que ten nas súas vidas ese desigual reparto do peso dos coidados. Son elas tamén as que organizan o tráfico dos afectos, as chamadas, as remesas e as encomendas. As que aforran para un futuro de ensoño no que poder descansar despois de tantos traballos. En Burela ou en Cabo Verde. Porque foron, poden volver.

*El Retorno: la vida después del ISIS.*

2021 | 90' | España/Reino Unido

**Alba Sotorra**

Tras o seu aclamado documental Comandante Arian: unha historia de mulleres, guerra e liberdade, Alba Sotorra regresa ao Kurdistan para seguir a un grupo de mulleres occidentais atrapadas polo seu pasado como membros do ISIS. A británica Shamima Begum deixou o Reino Unido con só quince anos. A americana Hoda Muthana emigrou a Siria mentres incitaba aos seus seguidores de Twitter a seguir o seu camiño ou a cometer atentados nos EEUU. A súa partida encheu titulares de todo o mundo; agora, a súa loita polo retorno volveu a invadilos. Demonizadas polos medios de comunicación de todo o mundo, contan os seus desgarradoras historias por primeira vez neste documental de acceso único.

Co obxectivo de chegar á maior cantidade de público posible, realizamos unha difusión da Mostra tanto a nivel online como offline. Deseñamos un cartel oficial e un programa, os cales imprimimos en tamaño A3 e colocamos en diversos puntos crave da cidade de A Coruña onde se leva a cabo a actividade social e cultural, facendo especial énfase en lugares frecuentados polo público universitario.

Tamén realizamos [un spot audiovisual](#) coa información de todo o Festival, que se proxectou no Forum Metropolitano antes de cada película seleccionada no Cinema Rabudo.

A nivel online, deseñáronse unhas infografías específicas para redes sociais, co cartel e o programa xeral e ademais unha infografía individual para cada xornada de proxección. Este material comezouse a difundir por RRSS con 2 semanas de antelación á Mostra e continuouse a mover durante a semana de proxeccións a través de facebook, twitter, instagram e whatsapp, todo a través das canles de AGARESO.



Por último, publicamos unha [entrada permanente](#) na web de Agareso, ademais de incluír o logo da Deputación na nosa páxina de [traballo en rede](#). Coa información xeral da Mostra enviamos unha nota de prensa aos medios de comunicación, uns días antes do inicio do Festival. Realizamos [unha entrevista radiofónica para o programa Hoy por Hoy da Cadena Ser Coruña](#) e outra entrevista radiofónica para Radio Voz Coruña, ademais conseguir 8 impactos máis en medios escritos:

- [La Voz de Galicia](#)
- [El Progreso](#)
- [El Ideal Gallego](#)
- [El Español](#)
- [El Diario.es](#)
- [Crtvg.es](#)
- [La Opinión de A Coruña](#)
- [Coruna.gal](#)

As sesións asistiron **un total de 135 espectadores** de diferentes franxas de idade, producíndose unha mestura de público novo (desde os 18 anos) con público máis adulto (até os 70 anos). Esta foi a asistencia a cada película:

- *Limbo, la promesa olvidada*, o xoves 1 de decembro, ás 20.00h: 33 espectadores.

- *Nación*, o viernes 2 de decembro, ás 20.00h: 26 espectadores.

- *Las Desheredadas* e *Si ka badu, ka ta biradu*, o sábado 3 de decembro, ás 17:30h: 40 espectadores.

- *El Retorno: la vida después del ISIS*, o sábado 3 de de decembro, ás 20.00h:36 espectadores.

**Entidades financiadoras:** Deputación da Coruña (4750€)

### 3.2 Acougo: Acollemento familiar para menores



O acollemento familiar é... é unha campaña de comunicación que desenvolvemos este 2022 coa asociación galega de familias de acollida (Acougo) para explicar as principais características deste recurso de protección temporal e revocable para as crianzas en desamparo que consiste en confiar o seu coidado a unha persoa ou familia que reúna as condicións necesarias.

Acougo denuncia que en Galicia hai máis de 1000 menores acollidos en centros residenciais e que máis de 200 deles teñen menos de 10 anos. É urxente e necesario favorecer o acollemento familiar e alixear as cifras de acollemento residencial que se están dando na nosa comunidade.

Para conseguilo, elaboramos e difundimos, man a man con Acougo, unha serie de vídeos con testemuñas que explican que é o acollemento familiar, poñendo as crianzas no centro. Elisa, Rebeca, Juan, Natalia, Victoria, Begoña e Kike forman parte de cinco familias de acollida, cada unha delas coas súas particularidades. Nais que acollen soas, con ou sen fillos biolóxicos previos, parellas que acollen unha ou varias crianzas, en función das necesidades das crianzas e das posibilidades das familias que as reciben. Familias acolledoras que tecen lazos coas familias biolóxicas, máis ou menos fortes, en cada momento.

A partir das súas experiencias, elaboramos tamén unha serie de materiais multimedia para explicarlle á sociedade que o acollemento familiar é intimidade sobre a que construír amores futuros; é estabilidade psicolóxica, afectiva e social; é versatilidade, creatividade á hora de imaxinar familias diversas que se adaptan a crianzas diversas; é vínculo coas orixes, ao servizo da estabilidade emocional das crianzas; e é protección urxente, temporal ou permanente, segundo as necesidades das crianzas.



A campaña comezou a difundirse en xaneiro e pechouse, cunha presentación pública de resultados na sede da Xunta de Galicia, o 31 de maio de 2022 que acadou 20 impactos nos principais medios de comunicación do país. Nesta presentación, participou o director xeral de Familia da Xunta de Galicia, Jacobo Rey, que defendeu a pertinencia e a calidade da campaña, adiantando a súa vontade de empregala en sede parlamentaria. En efecto, a campaña foi empregada no reinicio do curso parlamentario, no último trimestre do ano, para defender a figura do acollemento familiar e para solicitar un aumento do apoio ás familias acolledoras.

A entidade que aglutina as familias acolledoras continúa empregando os vídeos e a cartelería nas súas presentacións públicas da figura de protección.

Algúns impactos en prensa

#### [Briefing galego](#)

Quincemil: [Las familias de acogida en Galicia: un papel imprescindible ante una realidad desconocida](#)

Entrevistas en Radio Ames, Cadena SER, RNE, TVE, Radio Galega - Informativos, Radiovoz Galicia, Radio Galega - Galicia por Diante, Radio Gaelga - A Tarde

Galiciapress: [La Xunta destaca que más de la mitad de los menores gallegos que tutela están en familias de acogida](#)

Atlántico Diario, Diario de Bergantiños, Diario de Ferrol, El Ideal Gallego, Diario de Arousa: [La mitad de menores tutelados viven con familias de acogida](#)



Cope: [A Xunta participa na presentación da campaña 'O acollemento é' de Acougo para poñer en valor a súa importancia](#)

Europapress: La Xunta destaca que más de la mitad de los menores gallegos que tutela están en familias de acogida

La Región: La mitad de menores tutelados viven con familias de acogida


El Correo Gallego: [Preocupantes cifras de acogimiento residencial en los menores de edad](#)

Praza Pública: ["Non somos heroes": o acollemento familiar faise visible como a mellor vía para a infancia protexida pola Administración](#)

### 3.3 Muda o Conto

*Muda o conto* chega para amosar o grao de **responsabilidade que teñen as novas xeracións de profesionais da comunicación**, para dar paso á reflexión e ao debate. Entendemos a través deste proxecto como identificar os discursos discriminatorios e aprendemos como afrontalos e enfrontalos dende novas narrativas que avoguen polo respecto, a igualdade, a empatía e a xustiza social.

**Muda o conto: mocidade contra o discurso de odio nas redes sociais** é un programa financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia que traballa a través de tres piares fundamentais: **sensibilización, formación e participación das novas xeracións galegas de profesionais da comunicación na loita contra o odio**. O proxecto divídese nunha campaña de sensibilización e nunha oferta formativa nas universidades galegas. Neste 2022 desenvolveuse a segunda edición do proxecto, desta volta poñendo o foco na LGTBIfobia. Para desenvolver estas actividades do mellor xeito posible, voluntariado e equipo da entidade afondaron na temática a traballar a través dunha **formación en diversidade LGTBI** impartida por ALAS A Coruña.



En canto ao **deseño e produción da campaña de sensibilización**, realizáronse as seguintes accións:

- Cambio de identidade do proxecto: co obxectivo de achegarnos o máximo posible ao noso público obxectivo e de diferenciar os contidos con respecto aos da campaña



realizada no 2021, propúxose un cambio da identidade da campaña. Escolleuse un estilo moderno, xuvenil e caracterizado pola diversidade nas cores.

- Deseño e planificación campaña: o segundo paso tralo cambio na identidade foi a organización da campaña. Para isto, decidiuse mesturar contidos didácticos que promovesen a autorevisión e aprendizaxe de conceptos e estratexias para combater o odio e informar correctamente sobre a comunidade LGTBI con novas narrativas que exemplificasen estas boas praxes. A difusión da campaña organizouse cunha temporalidade de 2 meses, nos que contidos estáticos (post) e interactivos (enquisas e cuestionarios) se complementaron.
- Produción de contidos: as pezas producíronse durante catro meses. Realizouse unha primeira fase de recollida da información necesaria, na que se incluíron entrevistas con profesionais e activistas LGTBI e documentación a través de diversas publicacións. Os contidos producíronse nos seguintes formatos: Entrevista, interacción a través de cuestionarios en historias de Instagram e tweets, vídeos con texto animados, infografías, fíos de twitter e reels. En canto á selección temática, procurouse que os contidos tivesen unha cronoloxía lineal, comezando por aspectos básicos como "que é a LGTBIfobia", pasando por unha análise do panorama nas redes e rematando con consellos concretos para combater este tipo de discriminación dende a comunicación.
- Difusión de contidos: a campaña publicouse entre o 14 de outubro e o 26 de decembro de 2022 nas plataformas Twitter e Instagram por consideralas as máis apropiadas para chegar ao target identificado.
- Presentación da web repositorio: acompañando á última publicación da campaña difundida o 26 de decembro presentouse a actualización da web repositorio coa nova identidade e tódolos materiais da campaña #mudaoconto2022: <https://mudaoconto.agareso.org/>

No marco do programa realizáronse **6 sesións formativas**: tres na Facultade de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, dúas en cuarto curso de Publicidade da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da UVIGO e unha en segundo curso de Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña. Todas elas contaron cunha distribución de contidos similar, aínda que a organización dos tempos e das prácticas variou en función do número de sesións.



En definitiva, **Muda o conto: Mocidade contra o discurso nas redes sociais logrou o seu obxectivo principal:** ofrecer ferramentas e estratexias de comunicación, así como espazos na loita contra o odio, ás novas xeracións de comunicadores e comunicadoras, por considerar á mocidade como promotora do cambio. Para isto, puxo en marcha 6 actividades: formar ao voluntariado e equipo da entidade en diversidade LGTBI, deseñar e producir contidos para a campaña de sensibilización nas redes sociais, difundir as formacións ofertadas nas universidades e impartilas. Todas elas foron executadas maioritariamente entre marzo e decembro de 2022 e dirixidas a dous colectivos: o voluntariado da entidade e a mocidade galega estudante de comunicación.

O proxecto acadou os 6 obxectivos específicos que propoñía: formar tanto ao voluntariado da entidade como a alumnado das facultades de comunicación galegas en diversidade LGTBI e loita contra a LGTBIfobia, xerando espazos de debate sobre como detectar e combater o odio dende a comunicación; sensibilizar á mocidade a través dunha campaña en redes sociais, utilizando as redes como ferramenta de cambio; e ofertar todos eses contidos xerados a outros/as profesionais do sector que poidan concienciar tamén sobre a temática.

Deste xeito, cumpríronse tamén os resultados previstos:

O voluntariado da organización (10 persoas) e a coordinadora do proxecto amplian os seus coñecementos en diversidade LGTBI e utilizan estes recursos nas formacións impartidas a 92 alumnos/as nas facultades de comunicación das tres universidades galegas: USC, UDC e UVIGO. Estes coñecementos foron aproveitados tamén para a xeración dunha campaña de sensibilización en redes sociais que procurou achegar a toda a mocidade galega estudante de comunicación os conceptos, técnicas e ferramentas necesarias para combater os discursos de odio LGTBIfóbicos. Coa difusión destes 20 materiais, a entidade puxo a disposición de tódalas ONGDs e profesionais da comunicación os recursos necesarios para continuar esta concienciación dende os seus espazos.

### 3.4 Comunicación de guerrilla. Dereito humano á auga

**Comunicación de Guerrilla. Dereito humano á auga** é un proxecto que forma parte do programa #PeopleAndPlanet impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e financiado co Programa DEAR da Unión Europea, no que Agareso realiza unha das liñas estratéxicas de accións de comunicación para a incidencia e a sensibilización social.

Buscar impacto, xerar conciencia, transgredir... estas son solo algunhas das características coas que poderíamos definir a comunicación de guerrilla, unha técnica comunicativa suxerinte e nada convencional que se vale dos cánones da publicidade, da performance, do uso do mobiliario urbano ou da intervención en monumentos..., co obxectivo de utilizar o espazo público para provocar unha reflexión na cidadanía.

Nesta liña, os mozos e mozas de dez concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ( Tomiño, A Pastoriza, Bergondo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Pontearreas, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Pontevedra e Teo) porán a súa creatividade a traballar para deseñar e propoñer unha acción que faga reflexionar aos seus veciños e veciñas en torno ao

dereito a auga e as súas problemáticas asociadas. Farano tras participar en tres obradoiros previos impartidos por AGARESO onde aprenderon non só as peculiaridades que usa esta táctica comunicativa senón tamén sobre a temática a tratar: a auga como un dereito humano fundamental e a crise climática global.

Os obradoiros orientados á mozos e mozas de entre 15 e 35 anos consisten en 6 horas, divididas en 3 bloques, nos que se forma ao grupo tanto en cuestións conceptuais como prácticas, sobre a metodoloxía de comunicación de guerrilla para visibilizar e denunciar vulneracións de dereitos ou demandas colectivas. Na primeira sesión abórdase a propia técnica de comunicación de guerrilla con exemplos de accións deseñadas por outras entidades ou colectivos e reflexionase sobre o Dereito Humano á Auga e as consecuencias da mala xestión dos recursos naturais. Na segunda sesión escóllese en grupo un tema relacionado con este mesmo dereito sobre o que o colectivo queira incidir a nivel local, e comézase a perfilar as mensaxes e os obxectivos da acción de rúa. Na terceira sesión defínese de forma concreta o que, o como e o onde e distribúense responsabilidades e tarefas para poder desenvolver esta acción.

No último trimestre do ano 2022 púxose en marcha este proxecto contactando cos Concellos que se quixeron sumar á iniciativa. Os obradoiros previos á realización da actividade realizáronse no Concello de Tomiño o 8 de outubro nunha xornada intensiva, en Bergondo o 11, 18 e 25 de outubro, e no Concello de Pontevedra o 29 de novembro e o 2 de decembro. O resto dos obradoiros e as accións de rúa resultantes están previstas para ser realizadas no ano 2023.



*Participantes no obradoiro de comunicación de Guerrilla no IES A Xunqueira 1 de Pontevedra*

### 3.5 Defensoras Semillas de Cambio



A colección **Defensoras de dereitos** nace para visibilizar a través da literatura as vidas e o compromiso coa xustiza das máis de 2000 mulleres defensoras organizadas na Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos (IM-Defensoras). Os libros narran as vidas de **Haydée Castillo** (Nicaragua), **Verónica Salazar** (O Salvador), **Miriam Suazo** (Honduras), **Estela Ángeles Mondragón** (México) e **María Cuc Choc** (Guatemala), mulleres activistas que teñen en común ter feito da defensa dos dereitos humanos nunha das rexións máis perigosas do mundo o seu proxecto vital e político.

Se queredes axudarnos a difundir o traballo das mulleres defensoras de dereitos en Mesoamérica, podeades descargar e compartir os títulos da colección en formato dixital ou ben solicitarnos exemplares en papel para os vosos centros escolares, centros socioculturais ou bibliotecas públicas, sen ningún custe económico para vós. Se queredes organizar unha actividade pedagóxica arredor dos libros, podeades consultar a dispoñibilidade e as necesidades a través do correo [organizacion@agareso.org](mailto:organizacion@agareso.org).

A autora dos libros é a xornalista e escritora galega **Lara Dopazo Ruibal** (Marín, 1985), autora de *Os lobos na casa de Esaú* (Chan da Pólvora, 2017), *Claus e o alacrán* (Espiral Maior, 2018), *Ovella* (poemario co que gañou o Certame Francisco Añón) e *O axolote e outros contos de bestas e auga* (co que gañou o Premio Illa Nova de Narrativa 2020). Tamén é coautora e coeditora do ensaio colectivo experimental *A través das marxes: Entrelazando feminismos, ruralidades e comúns* (Bartlebooth, 2018), está especializada en Cooperación Internacional e é voluntaria de Agareso. Foto de David Espiño.

Este proxecto está impulsado pola [Coordinadora Galega de ONGD](#) e pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO), en colaboración coa [Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos \(IM-Defensoras\)](#) e co apoio da Deputación de Pontevedra.

Máis info: <https://www.agareso.org/gl/que-facemos/coleccion-de-libros-defensoras-de-dereitos/>



No outono de 2022, recibimos en Galicia a visita de unha das protagonistas destes libros, Verónica Salazar, quen visitou tres centros de Educación Secundaria Obrigatoria para compartir co alumnado galego a súa experiencia e a súa loita polos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres salvadoreñas. Como actividade previa desta visita, Agareso dinamizou unha sesión preparatoria con cada un dos grupos participantes no IES Illa de Ons en Bueu, no IES Valadares en Vigo e no IES Castro Alobre en Vilagarcía de Arousa. Estes obradoiros fixeron unha introdución aos dereitos sexuais e reprodutivos, tanto á súa definición como á análise dos mesmos a nivel mundial e á reflexión sobre a importancia de garantilos plenamente para as vidas das mulleres e das nenas, sobre todo en contextos de vulnerabilidade, violencia ou pobreza. Todo isto permitiu enmarcar a figura de Bea (Verónica Salazar) como representante das organizacións feministas que defenden os dereitos das mulleres en países como El Salvador.

### 3.6 Mulleres Bravas. Campaña para ESF Galicia e Amigos da terra



Nos meses de marzo e maio do 2022, no marco do proxecto Mulleres Bravas desenvolvido por Amigos da Terra e Enxeñería sen Fronteiras, cinco activistas medio ambientais hondureñas visitaron a nosa terra: Yeni Karina Aguilar, Coralia Argentina Turcios, Adolfina Contreras, Francisca Sipriana Muñoz e Leni Suyapa Betancourt. Elas son produtoras, labregas, gandeiras e ademais pertencen a grupos organizados que defenden ecosistemas clave ou se opoñen a grandes obras extractivistas. Son exemplos de valentía nun contexto perigoso e violento para o activismo en xeral, e para as mulleres en particular. Honduras é un dos países cunha maior taxa de asasinatos de defensoras de dereitos humanos do mundo.

A pesares por tanto de que a ameaza do extractivismo incontrolado nun entorno de debilidade institucional é moito maior, as problemáticas de Honduras e Galicia son manifestacións do mesmo sistema e as estratexias das corporacións parecidas. En Galicia, asistimos os últimos anos

ao auxe da nova minaría e dos intentos por reactivar antigas explotacións, a ameaza dos parques eólicos, o fenómeno das macrogranxas, o esgotamento de recursos da pesca...

Faláronnos das súas loitas, que son tamén as nosas, e das súas esperanzas, que sen dúbida compartimos. Agareso foi a entidade que deseñou e coordinou a estratexia de comunicación destes encontros, que se estendeu de xaneiro a xuño do ano 2022, para que as loitas destas Mulleres Bravas se amplificasen e as súas voces soaran o máximo posible na nosa comunidade.

Froito do traballo realizado conseguíronse 22 aparicións en medios de comunicación sobre o proxecto nas máis importantes cabeceiras de xornais galegos, tanto impresos como dixitais, así como nas principais canles radiofónicas.



En canto ao impacto obtido, unha empresa externa de clipping realizou a monitorización do proxecto, establecendo uns datos de audiencia alcanzada de 233.003 persoas en medios impresos e de 2.336.637 usuarios únicos en prensa dixital o que se traduciría nun valor publicitario de 12.456€ e un valor informativo de 44.230€. Sen embargo nesta monitorización non aparecen nin a maioría dos xornais dixitais nin as radios, polo que sabemos que a cifra de audiencia sería superior, aínda que non estamos en condición de establecer exactamente cal. Consideramos, en todo caso, probada a consecución dos obxectivos marcados nesta actividade.

Para máis información: <https://www.agareso.org/gl/que-facemos/sensibilizacion/mulleres-bravas/>

## 4. Formación a colectivos con capacidade de réplica

### 4.1 XII Seminario “Comunicación social e cooperación internacional”.

AGARESO organiza dentro do proxecto consorciado Escolas Sen Racismo, financiado por Cooperación Galega a través da convocatoria de proxectos de EpCG, un seminario de Comunicación Social e Cooperación Internacional que xa vai pola súa décimo segunda edición. Esta formación está pensada para quen desexa mellorar as súas prácticas comunicativas aplicadas ao sector social, xornalístico ou da produción audiovisual.

Durante as dez sesións que abarca o Seminario, tratáronse temáticas transversais como o **enfoque de xénero**, o **discurso do odio**, o **xornalismo e os dereitos humanos**, a **cooperación internacional**, experiencias de ONG's en terreo, **audiovisual comprometido**, a **fotografía social** e a **radio comunitaria**, alternando sesións teóricas e prácticas.

Ademais, tres das persoas participantes no Seminario puideron realizar unhas prácticas en terreo durante unha semana en Senegal para completar a súa formación. [Neste vídeo](#) podedes ver un resumo da viaxe a Lepe co alumnado da décimo primeira edición.

Foron 40 horas presenciais (10 sesións de 4h), do 9 de marzo ao 18 de maio, todos os mércores de 16h a 20h, na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. O curso está destinado preferentemente a activistas, persoal técnico e voluntariado de organizacións sociais, estudantes e profesionais da comunicación, profesorado, profesionais e estudantes dos medios de comunicación.

Este ano incorporamos a modalidade online, para seguir as sesións vía streaming o en diferido.

O alumnado que entregou un traballo individual e outro grupal, optou a unhas prácticas de 10 días na rexión da Casamance, ao sur de Senegal.

As sesións deste 2022 ás que asistiron 24 alumnos e alumnas foron:

**Xornada 1 | Introducción e Radio Comunitaria | Presencial**  
Introdución do seminario e primeira sesión sobre radio comunitaria con [Juan de Sola](#) (xornalista en Onda Cero), quen conectou a través de Skype con varias radios comunitarias de Latinoamérica.

**Xornada 2 | Fotografía Social | Presencial**

Dous enfoques da fotografía social a través de [Anna Suriyach](#), editora da [revista 5W](#), e [Mingo Venero](#), fotógrafo documental especializado en Dereitos Humanos.

**Xornada 3 | Medios de comunicación e Afrodescendencia | Online**

A cargo de [Lucía Mbomío](#), periodista en TVE, escritora y activista afro. Na súa ponencia, analizou

o tratamento histórico dos medios de comunicación a comunidade afro. Dende o anuncio do ColaCao as series actuais de Netflix.

#### **Xornada 4 | A Cooperación ao Desenvolvemento | Presencial**

Esta sesión dividiouse nunha charla a cargo de [Alejandro Quiñoá](#) (delegado de ACPP en Galicia e presidente da Coordinadora Galega de ONG's) e de dous activistas hiphoperas chegadas dende El Salvador.

#### **Xornada 5 | O poder dos MMCC | Online**

Primeira sesión a cargo de [Patricia Costa](#), xornalista en RNE especializada en violencia de xénero e segunda parte con [Jesús Cintora](#), xornalista, escritor e presentador de TV.

#### **Xornada 6 | Feminismo Queer e Vídeo Participativo | Presencial**

Na primeira sesión, Gael Martíns nos guiou sobre como comunicar no referente ao colectivo LGTBQ+ e na segunda parte [Roi Guifán](#) descubrínos a ferramenta do Vídeo Participativo: unha metodoloxía para utilizar o audiovisual para traballar con colectivos en risco.

#### **Xornada 7 | Feminismo e anti-xitanismo | Presencial**

Primeira sesión enfocada no xénero, a través da experiencia de [Llerena Perozo](#) e segunda sesión a cargo da [Fundación Secretariado Xitano](#), que abordaron a comunicación de cara ao colectivo xitano.

#### **Xornada 8 | Experiencias de Cooperación en Terreo | Online**

Xornada dividida entre a ponencia de [Laura Feal](#), xornalista colaboradora no El País e consultora en xestión de proxectos ao desenvolvemento e unha mesa redonda con distintxs profesionais do sector da cooperación con experiencia en terreo.

#### **Xornada 9 | Audiovisual Comprometido | Presencial**

Xornada a cargo de [Antonio Grunfeld](#), director de documentais sociais, cunha charla sobre o desenvolvemento de proxectos audiovisuais centrados no social.

#### **Xornada 10 | A industria do cine social | Presencial**

Sesión a cargo de [Paula Palacios](#), directora e productora de documentais especializada no mundo árabe.

Os traballos finais do alumnado poden consultarse aquí: <https://www.agareso.org/gl/os-traballos-do-xii-seminario-de-comunicacion-social-e-cooperacion-internacional/>

### **Viaxe práctica a terreo Senegal**

Este ano, a viaxe de prácticas do Seminario cambiou de lugar e de datas por varios motivos.

Antes da pandemia do COVID-19, a viaxe realizábase en Marrocos, pero este país volveuse moi complicado para exercer a profesión de xornalista debido ao estreito control que exercen sobre



estes profesionais, polo que deixamos de consideralo un país válido para realizar a viaxe de prácticas. Senegal, en cambio, é un país tranquilo para traballar como xornalista e ademais conta cun amplo sector de ONG's traballando en cooperación internacional.

A viaxe tivo lugar do 29 de setembro ao 8 de outubro e a expedición conformábase o coordinador do Seminario, unha voluntaria de AGARESO e 3 alumnas:

- Antonio Grunfeld, coordinador do Seminario
- Paula Barriga: voluntaria de AGARESO e ex-alumna do Seminario
- Mar salga: alumna
- Antía Rodeiro: alumna
- Andrea Bouzos: alumna

Decidiuse viaxar ao sur do país, á rexión da Casamance, onde ten a súa base a **ONG Cineastas en Acción**. Ademais de realizar diversos proxectos de cooperación internacional, esta ONG conta cun campamento onde varias veces ao ano acollen viaxeiros chegados desde España para gozar de vacacións solidarias. Debido ao carácter desta ONG e ás súas boas infraestruturas, escollemos o poboado onde se atopa, Oussouye, como campamento base para a nosa viaxe.

Unha vez chegados a Oussouye desde Dakar a través dun voo interno, atopámonos con Federica Romeo, presidenta de Cineastas en Acción. Ela cóntanos que nestes últimos anos, viraron a estratexia de acción da ONG cara ao tema xénero e centraron o seu traballo en apoiar ás mulleres da comunidade. As alumnas móstranse moi interesadas por abordar esta temática e deciden facelo en formato documental, debido aos seus perfís e ás súas formacións académicas.

Unha vez elixido tema e formato, o resto de días ocupámonos de coñecer a realidade das mulleres da zona e de gravalas, centrándonos principalmente nunha pequena aldea da zona chamada Oukout. Alí chego fai seis anos un proxecto de cooperación, para formar ás mulleres na xestión de grupos de micro-créditos. Desde entón e simplemente a través dunha formación, na aldea mantéñense 3 grupos, con aproximadamente 30 mulleres por grupo, que se reúnen cada domingo e poñen unha pequena achega nunha caixa.

As alumnas decidiron retratar un destes grupos de micro-créditos e elixiron a varias dos seus integrantes como protagonistas do documental, que se chamará Kalabukú, o que significa "mulleres" na lingua local, o diola.



## 4.2 ANPAS: Desmontamos a desigualdade

En novembro de 2022, ofrecemos un obradoiro de radio escolar no CEIP de Brión, dentro do proxecto da Anpa Andaravía **Desmontamos a desigualdade**, que contou co financiamento da Xunta de Galicia, a través Axudas económicas ás Anpa destinadas á promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención e loita contra a violencia cara as mulleres.



Impartimos dous obradoiros de 100 minutos a cada un dos catro grupos de 6º de primaria, entre os días 14 e 22 de novembro. Na primeira sesión, traballamos arredor dos seguintes eixes:

- Análise de situación. Pedíuselles debuxaren un neno e unha nena. A continuación tiráronse conclusións sobre a imaxe que cada un/unha ten sobre os conceptos "neno" e "nena" (roupa, peiteado, complementos, actividades, etc.).
- Socialización de xénero. Reflexionouse sobre a maneira en que o mundo ve os nenos e nenas. Mediante diferentes imaxes (xoguetes, material escolar e personaxes de debuxos e contos) farase unha achega ao uso das cores rosa e azul para diferenciar entre os xéneros e debaterase sobre o carácter arbitrario destas escollas.
- Estereotipos. Aproximación á definición de estereotipo e de como esas ideas xeneralizadas chegan á nosa mente. Isto permitirá analizar a influencia que teñen a televisión, as series, a música, as películas, os debuxos animados....

Na segunda sesión, abordamos o papel da radio escolar como ferramenta de cambio, xa que permite combater a desigualdade e fomentar o feminismo e a igualdade. Explicáronse os distintos xéneros radiofónicos (informativo, musical, dramático e publicitario) e asignáraselle un deles a cada un dos catro cursos de 6º de educación primaria. Isto permitirá que, a partir dunha metodoloxía común, os resultados sexan diversos. Á súa vez, o alumnado de cada aula dividiuse en grupos de catro aos que se lles encomendou elaborar unha peza radiofónica da cal decidiron

o tema, escribiron ou completaron as frases que se lles facilitaron, xestionaron os tempos e organizaron as quendas para gravar diante do micro ao final da sesión.

Como parte da experiencia do obradoiro, cada aula elaborou unha cuña radiofónica que se emitiu durante varios días na Cadena SER.

## 5. PROXECTOS

### 5.1. Proxectos educativos

#### 5.1.1 Activistas polo mundo que queremos.



Neste curso escolar 2022/2023, celébrase a X edición de **Activistas polo Mundo que Queremos**. Segue a ser un proxecto que forma parte da plataforma de innovación educativa Plan Proxecta, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e segue mantendo este elemento esencial xunto co de querer ser un proxecto participado e plural. O consorcio segue conformado por Solidariedade Internacional de Galicia como cabeza e responsable última do proxecto, Agareso como responsable da xestión da aula virtual, dos obradoiros educomunicativos e da comunicación do proxecto e Asamblea de Cooperación pola Paz como responsable da xestión da visita Sur.

Esta nova edición do proxecto de educación en valores “Activistas polo Mundo que Queremos” segue apostando por xerar activismos xuvenís nos eidos do feminismo, o medio ambiente, o antirracismo e a loita LGTBI en centros educativos de toda Galicia. Esta é ademais unha edición moi especial xa que o proxecto cumpre o seu décimo aniversario. Nestes dez anos de vida “Activistas polo Mundo que Queremos” chegou a máis 4300 mozos e mozas, a 240 profesores e profesoras e a 56 centros educativos a os que se suman os seis deste ano. Seiscentos estudantes que dende o IES Alcalde Xosé Manuel Pichel en Coristanco, o IES As Bizocas do Grove, en

Pontevedra o IES Luís Seoane e IES Montecelo, o centro vigués IES Valadares e o IES María Casares en Oleiros, achegáronse a o concepto de "activismo", en torno ao que xira o proxecto.

*Activistas polo mundo que queremos* propón para a edición 2022-23 un itinerario composto por sete obradoiros denominados "paradas", que se desenvolverán ao longo de todo o curso escolar. O obxectivo final consiste en formar unha cidadanía activa e crítica, que identifique e combata as ameazas arredor da convivencia.

O percorrido didáctico que realizará o alumnado neste curso mestura a formación presencial coa online e establece as seguintes paradas.

- **Parada 1 (presencial).** Novembro 2022. Que significa ser activista? Primeiro obradoiro para dar a coñecer o proxecto, a aula virtual e os conceptos cos que traballamos.
- **Parada 2 (presencial).** Decembro 2022. Comunicación transformadora. Analizamos os medios de comunicación de masas e as redes sociais dende unha perspectiva crítica.
- **Parada 3 (virtual).** Xaneiro 2023. Os activismos. A rapazada achégase ás principais desigualdades (medioambiental, feminista, antirracista e LGTBI) e coñece as maneiras de actuar na súa contorna a nivel local contra problemas que teñen repercusión global.
- **Parada 4 (virtual).** Febreiro 2023. Guións radiofónicos. Creamos os guións para as nosas pezas radiofónicas, dedicadas a un dos catro activismos propostos.
- **Parada 5 (presencial).** Marzo 2023. Obradoiro de radio. O alumnado crea o seu propio programa de radio de combate, que se grava de maneira conxunta na aula.
- **Parada 6 (virtual).** Abril 2023. Outros contextos sociais. Coñecemos a loita de activistas procedentes doutras partes do mundo.
- **Parada 7 (presencial).** Abril 2023. Encontros con activistas do Sur. Persoas implicadas nas loitas contra as diferentes desigualdades tratadas co alumnado visitan os centros educativos e achegan os seus desafíos e as ferramentas empregadas para combatelos.

<b>NOME DO PROXECTO</b>	Activistas polo mundo que queremos. Convenio con Solidariedade Internacional de Galicia e ACPP.
<b>PAÍS</b>	España
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	70.000,00 € convenio( AGARESO executa 25.050 € )
<b>SOCIOS LOCAIS</b>	Solidariedade Internacional e ACPP
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	590 estudantes e 40 docentes



### 5.1.2 EpDLab VIII

Tras sete edicións, a fase 8 de EpDLab afondará no desenvolvemento do proxecto en torno a catro eixos fundamentais: a ECG como materia transversal no ensino, a innovación educativa con perspectiva crítica, a comunicación dixital como estratexia de transformación social e as ferramentas para facilitar a multiplicación e a réplica dos resultados.

O obxectivo principal é a mellora das habilidades de reflexión crítica e participación social do alumnado e do profesorado de ESO, a través do traballo con centros de 5 concellos de Galicia (Boiro, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión), por expreso desexo do profesorado e das directivas do IES Praia Barraña, IES Carlos Casares, IES Pintor Colmeiro, IES Illa de Ons e IES de Brión. Canda eles, un grupo de centros de ensino de República Dominicana, participará a través dunha actividade para promover o diálogo intercultural, como ferramenta para educar no coñecemento dos países empobrecidos e no potencial das redes ou alianzas pola xustiza social. Para acadar dito obxectivo, EpDLab porá o til nas seguintes prioridades:




**1. Desenvolvemento da competencia dixital** que, segundo a LOMLOE, inclúe tanto o tratamento da información e a lectura de linguaxes multimedia, como a creación de contidos e a resolución de problemas. No noso caso, facemos fincapé na alfabetización mediática, no impacto socio-cultural dos discursos dos medios e nas habilidades comunicativas.

**2. Sensibilización respecto á desigualdade**, poñendo en valor o rol da comunicación nos procesos de transformación social, e en relación directa co anterior obxectivo. Tamén en estreita vinculación coas competencias sociais e cívicas, EpDLab busca a formación en interculturalidade, xustiza social, defensa dos DDHH, igualdade e non discriminación en función do sexo, do xénero, do contexto cultural, étnico ou socioeconómico.

**3. Educación para a participación social** en pos da igualdade de oportunidades e o reparto xusto dos recursos a nivel global, a través do achegamento á Cooperación Internacional, aos ODS, ao activismo e ás expresións culturais e mediáticas.

**4. A mellora da aprendizaxe entre iguais** mediante dinámicas de traballo en equipo, xestión de conflitos, argumentación, responsabilidade colectiva, reflexión e debate en grupo e interaccións significativas na aprendizaxe.

**5. Deseño e promoción de procesos de colaboración docente**, que integre a diversidade dos diversos contextos educativos, tanto no marco do ensino obrigatorio como universitario.



Todas as actividades baséanse na comunicación entendida como un feito social e cultural, no seu impacto no contexto cotián e na nosa relación con outras persoas, colectivos e lugares do mundo. Traballaremos na produción de contidos transmedia a través dun itinerario de 6 sesións formativas cos 5 grupos participantes, ás que engadiremos unha sétima sesión con cando menos 2 grupos máis en cada centro educativo. Ademais, celebraremos un encontro ou hackathon para promover o intercambio de experiencias entre o alumnado dos diferentes centros, así como

para desenvolver habilidades de aprendizaxe entre iguais e de socialización, xunto coa difusión do proxecto máis aló dos propios centros educativos que participan nel.

Segundo os eixos nomeados no primeiro parágrafo, esta fase de EpD Lab incluírá un proceso de traballo colaborativo no que participará a Facultade de Educación da USC, cuxo resultado será a elaboración dunha ferramenta de transferencia que contribúa a disciplinas relacionadas coa didáctica, coa innovación, coa educación transversal en valores e coa introdución de estratexias de aprendizaxe anticipativa, tanto no eido da investigación como da práctica docente. Sumamos a este proceso á Asociación Convives, que engadirá a súa achega sobre a contribución deste material ao eido da convivencia escolar. O proceso rematará coa publicación dun material destinado a garantir a transferencia de coñecementos e de estratexias pedagóxicas, así como a facilitar a súa adaptación ou réplica para a educación dunha cidadanía activa e crítica que participa na transformación social dende o "glocal" mediante metodoloxías innovadoras. Para garantirmos un proceso innovador, efectivo e relevante, inclúese unha formación específica en innovación e aprendizaxe colaborativa, que revertirá tamén nunha xornada formativa para o profesorado ga-lego en colaboración coa Consellería de Educación.



Todos os contidos, procesos, materiais e resultados do proxecto estarán publicados na web (<https://epdlab.gal>), dende a que se accederá tamén á aula virtual aberta e ao blog, no que o profesorado comparte a súa experiencia en cada obradoiro dende unha perspectiva docente.

<b>NOME DO PROXECTO</b>	<b>Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Boiro, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab)</b>
<b>PAÍS</b>	<b>España</b>
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	<b>37.690,15 €</b>
<b>SOCIOS LOCAIS</b>	-
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	<b>105 alumnos/as da ESO e 42 docentes</b>

### 5.1.3 Escolas Sen Racismo. Última edición

Escolas Sen Racismo é un proxecto educativo que se leva a cabo en centros educativos de primaria, secundaria e do ensino universitario. O obxectivo é xerar unha conciencia crítica co respecto ao discurso dos medios de comunicación e que o alumnado sexa capaz de xerar os seus propios discursos a través das ferramentas comunicativas ( documental, radio, fotografía, etc...)

No curso 2021-2022 AGARESO realizou as seguintes actividades dentro dese proxecto:

- **7 obradoiros de Dicionarios Audiovisuais de 100 minutos para alumnado e profesorado**

Os obradoiros de Dicionarios Audiovisuais leváronse a cabo en 3 centros de ensino de Galicia os días 20, 28, 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2022, cun total de 7 sesións prácticas de 110 minutos cada unha. Os centros e os cursos foron:

- IES Antón Losada Diéguez (A Estrada): FP Básica Carpintería, FP Básica Informática e FP Básica Mantemento Vehículos.
- CEIP Apóstolo Santiago (Santiago de Compostela): 4º de Primaria
- Colexio Plurilingüe Vilas Alborada: 5º e 6º de Primaria

Foi impartido por Óscar Vázquez, técnico de Educación para o Desenvolvemento, especialista en audiovisuais.

Este obradoiro baséase nas pezas audiovisuais creadas por AGARESO en 2021 co mesmo nome, que protagonizan persoas provenientes de diferentes países (Senegal, Honduras, Romanía, etc...) e que agora viven en Galicia e falan galego. A través dos vídeos aproveitamos para falar dos seus países e, tamén do proceso migratorio. O obxectivo é apreciar a diversidade e a diferenza, a solidariedade e a importancia da bidireccionalidade nas relacións Norte-Sur, reducindo os estigmas asociados á migración, sempre apoiados polo poder integrador das linguas.

O obradoiro está plantexado para levarse a cabo nunha sesión de 110 minutos e dun xeito eminentemente práctico.

Deste xeito, os rapaces e rapazas reflexionaron sobre os estereotipos raciais e aprenderon a utilizar as ferramentas básicas do audiovisual: cámara, micrófono e trípode.

Aquí pódense consultar os 7 vídeos realizados:  
<https://www.youtube.com/playlist?list=PL21LQMUWZZOXpKlgUy3Xvdgh6FgJxaPPv>

- **Obradoiro de TV escolar e contrainformación de 6 sesións de 100 minutos no IES Xulián Magariños de Negreira.**

Este obradoiro levouse a cabo no IES Xulián Magariños de Negreira a través de 6 sesións de 110 minutos cada unha, onde participaron 10 alumnos e alumnas de 1º de FP Básica e unha profesora. As sesións leváronse a cabo os días 22 e 29 de marzo, o 5, 19 e 26 de abril, e o 3 de maio de 2022.

Foi impartido por Antonio Grunfeld, técnico de Educación para o Desenvolvemento, especialista en audiovisuais de AGARESO.

O obxectivo do obradoiro foi asentarmos unhas bases de coñecemento, tanto técnico como de contido audiovisual, para que o alumnado sexa capaz de xerar as súas propias pezas audiovisuais cada mes e así nutrir de contido a televisión de IES Xulián Magariños. Este obradoiro xurdiu tamén dunha demanda específica do centro, que xa tiña en marcha o proxecto de TV Escolar: Xema TV e que xa recibiron dúas formacións en 2019 e 2020 neste mesmo proxecto.

Este ano, puxemos especial atención no contido coa sensibilización e creación de produtos que teñan que como fío condutor a interculturalidade, a loita contra as noticias falsas ou bulos (fake news) e a creación de contradiscurso que rebata as mensaxes de odio.

O taller contribuíu a fortalecer as capacidades do alumnado do IES Xulián Magariños para tanto consumir como xerar contidos televisivos, empregando esta como ferramenta de comunicación xusta e de transformación social.

As participantes avaliaron positivamente o taller e moitos sinalan que sería conveniente repetir a experiencia. Os comentarios que xurdiron das enquisas permitirannos mellorar os futuros talleres.

Os vídeos resultantes do obradoiro pódense ver neste link:





- **Un obradoiro de animación de 6 sesións de 100 minutos dun conto de educación para o cambio social empregando a técnica de Stop Motion no CEIP López Ferreiro.**

O obradoiro de Stop Motion está conformado por seis talleres audiovisuais de 100 minutos. A súa realización levouse a cabo no CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela, e foi orientado a 44 alumnos e alumnas de 6º de primaria.

As sesións desenvolvéronse nos días 7, 14, 24 e 28 de marzo de 2022 e estruturáronse como se detalla:

- Breve introdución a educación para o desenvolvemento, cuestións fundamentais e en que nos afecta
- Iniciación o Stop Motion, que é, os seus inicios, exemplos prácticos, distintas técnicas.
- Concepto de Storyboard, como crear unha historia.
- Explicar o funcionamento da App para móbil Stop Motion Studio.

- Creación dun conto animado con esta técnica.

O obradoiro de Stop Motion foi pensado para achegar unha ferramenta audiovisual como instrumento para xerar unha conciencia crítica, motivadora e creativa a través das novas tecnoloxías e de fácil acceso para todo o mundo.

Ademais, contribuíu a conseguir os seguintes obxectivos:

- Construír unha mensaxe conxunta, con unha participación igualitaria para xerar unha peza de sensibilización.
- Asegurar que o alumnado incorpore as técnicas vistas no obradoiro e teña a posibilidade de seguir xerando contido unha vez finalizado o obradoiro.
- Fomentar a participación igualitaria e o traballo en grupo.

O conto a animar foi "A teteira de Kabul", un conto para traballar co alumnado arredor da construción de paz e a experiencia migratoria. É unha ferramenta facilitadora do diálogo na aula ao redor de catro conceptos: persoa refuxiada, solidariedade, paz e fogar, ademais de introducir a perspectiva de xénero.

O resultado pódese ver neste link:

<https://www.youtube.com/watch?v=AqQD5oAVFtQ>

- **Dous obradoiro de 200 minutos de vídeo-cartas para o cambio social no IES Laxeiro de Lalín.**

Neste obradoiro empregamos as ferramentas dixitais para establecer unha vía de comunicación intercultural con República Dominicana, país no que traballamos en proxectos de cooperación internacional con financiamento da Xunta de Galicia. Por medio deste diálogo horizontal e a reciprocidade pedagóxica, búscase achegar outras realidades e fomentar a empatía intercultural. Como primeira parte, en febreiro de 2022, graváronse unha serie de vídeo-cartas no batey Montecristi, de San Pedro Macorís, República Dominicana. As rapazas e rapaces participantes nun obradoiro de vídeo participativo, gravaron varios vídeos falando de temas cotiás da súa vida e do seu país. Pódense ver as videocartas gravadas en República Dominicana neste link:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLJH9NssXRdAyauzYZsWT12gEv9YORei86>

Fíxose unha escolla entre estas gravacións e leváronse ao IES Laxeiro de Lalín para compartilas co alumnado galego. Leváronse a cabo 4 sesións de 100 minutos cada unha cos dous grupos da materia de xénero de dous clases diferentes: 2ºA e 1º de Bach B. As clases foron os días 25 de abril, 5, 9 e 19 de maio de 2022. Asistiron un total de 20 alumnos e alumnas, divididos entre 16 nenas e 4 nenos.

A participación foi moi boa nas dúas aulas. A primeira parte da sesión estaba centrada en descubrir ao alumnado a comunicación para o cambio social, a través dalgúns exemplos que circulan por internet. Despois, pediuse a participación dos alumnos e alumnas para saber o seu nivel de coñecementos sobre a República Dominicana. Tras unha breve presentación deste país (xeografía, historia, economía...) pasamos directamente a ver os vídeos gravados polos nenos e nenas do batey Montecristis. Para finalizar, o alumnado do IES Laxeiro saíu do aula para gravar á súa vez os vídeos que van viaxar de volta a República Dominicana.

Na segunda sesión, comezamos facendo un análise do tratamento que dan os medios de comunicación as novas sobre racismo e migración para abordar unha reflexión sobre a importancia da linguaxe para non xerar mais discriminación. Despois, pasamos a visionar o material que gravaron na primeira sesión para volver a saír a gravar outra tanda de videocartas, mellorando as que gravaron o outro día.

Compartíronse 11 videocartas de Dominicana e graváronse 26 en Lalín.

Todas as videocartas gravadas en Lalín poden atoparse no seguinte link:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLJH9NssXRdAwY5poiENAMcPur5WBspx4z>



#### - **Creación da aula virtual do Seminario de Comunicación Social e Cooperación.**

Desde que se incorporou a modalidade do streaming ao Seminario, facíase necesaria a incorporación dunha aula virtual para completar a formación e adaptala aos novos tempos.

Por iso, creamos un dominio propio en <http://seminariocomunicacionsocial.org/> e xeramos a aula virtual a través da plataforma Moodle. Unha vez completouse a inscrición do alumnado, xeramos un usuario e un contrasinal para cada persoa inscrita ao Seminario.

Durante as semanas previas a cada sesión, establecíase unha comunicación estreita con cada relator, para poder nutrir de contido engadido a aula virtual. Deste xeito, engadimos todo o

material complementario á charla, xa sexa en formato de documentos, links a páxinas webs, vídeos, documentais, bibliografía, etc... Este contido xerado para cada sesión, facíase público o mesmo día que tiña lugar a charla e quedaba accesible até o final do Seminario.

Na aula tamén se colgaban as sesións gravadas do Seminario, para que puidesen ter acceso a ela os alumnos ou alumnas que non puideran asistir á formación en directo. Tamén se podía atopar na aula virtual, un foro onde o alumnado podía expor dúbidas e preguntas ou abrir debates e discusións co resto de compañeiros e compañeiras.

Por último, habilitouse desde a aula virtual o acceso para facer as avaliacións de todo o Seminario, onde o alumnado avaliou cun 9,12 sobre 10 a propia aula virtual.

<b>NOME DO PROXECTO</b>	Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego
<b>PAÍS</b>	España
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	45.000,00 € (Agareso ejecuta 20477,50€)
<b>SOCIOS LOCAIS</b>	Asemblea de Cooperación pola Paz
<b>PERSOAS BENEFICIRAIS</b>	959 alumnado/as de Primaria, Secundaria e Universidade


### 5.1.4 Xeración contrainfo

O mes de setembro de 2022 iniciamos un novo proxecto de EpD, **Xeración Contrainfo**, un proxecto piloto que pretende analizar a situación de radicalización dos discursos nas aulas entre as e os adolescentes, que están provocando uns altos niveis de intolerancia e agresividade cara colectivos excluídos como as persoas migrantes, as persoas do colectivo lgtbi ou as persoas xitanas, ao que hai que engadir a transversalización da discriminación por xénero.

O noso obxectivo macro é atallar a raíz do mecanismo que xera os discursos de odio, en gran parte provocados pola falta de alfabetización mediática do alumnado e o aproveitamento dos grupos extremistas deste déficit para por en marcha estratexias de manipulación que promovan unha maior predisposición da nosa adolescencia cara a posicións intolerantes e radicalizadas. Pero para poder conseguir este obxectivo macro é imprescindible ter acceso a datos obxectivos, tanto cuantitativos como cualitativos, polo que lle demos unha grande importancia ao proceso de recollida de información e á súa posterior sistematización, enfocada na súa difusión de forma comprensible e didáctica entre a comunidade educativa.

Así, nos primeiros meses de execución do proxecto, deseñamos e executamos un estudo de situación, para o que contamos coa colaboración de tres colectivos afectados polo discurso de

odio (mulleres migrantes Latinoamericanas, con Arraianas; rapaces e rapazas migrantes de África, con Sen Valos; e adolescentes xitanos/as, coa Fundación Secretariado Xitano) e mais de Wayna Consultora.



Celebramos unha primeira sesión de traballo cos colectivos, que nos permitiu afinar as preguntas que debiamos realizar ao alumnado. Unha vez cuantificada a presenza de estereotipos, de prexuízos e de discurso de odio entre o alumnado de Secundaria do país, volvemos celebrar unha nova sesión de traballo cos colectivos para gravar as súas respostas a estas situacións discriminatorias.



O obxectivo é xerar materiais que promovan a empatía cara os colectivos que os sofren entre o alumnado, para que se convertan en protagonistas na loita contra os prexuízos e constrúan o seu propio contradiscurso. Como sempre, nos nosos proxectos, pecha o círculo unha chamada á acción que se executará ao longo do ano 2023.

Tras o traballo prioritario co alumnado, o segundo obxectivo deste proxecto, Xeración Contrainfo, é dotar o profesorado dunha metodoloxía testada que lles permita, de forma autónoma, traballar o contradiscurso co seu alumnado actual ou futuro; aos xornalistas, analizar as consecuencias da propagación do discurso do odio nos medios de comunicación e comprender como o interpreta a xente máis nova; e aos educadoras/es sociais, coñecer novas metodoloxías participativas que empregar cos grupos excluídos como protagonistas.



Para chegar a estes obxectivos, dividimos a nosa proposta en seis bloques:

1. Recollida, análise e sistematización de datos. Apoiándonos na asistencia técnica de Wayna Consultora, realizaremos unha liña base que recollerá os datos de 3 centros educativos, a nivel macro nun deles e a nivel micro nos tres centros que participan no proxecto. Volveremos realizar preguntas de control e entrevistas tras a realización dos obradoiros, para determinar o impacto dos mesmos. Conseguidos estes datos, realizaremos un informe que sistematice os resultados máis importantes e que nos sirva para presentárllelos á comunidade educativa e aos medios de comunicación.

2. A creación de materiais de forma participada cos propios colectivos que sofren as consecuencias do discurso do odio. Tres colectivos que defenden os dereitos das persoas xitanas, racializadas e migrantes participarán canda un equipo de Agareso na elaboración de materiais de comunicación que promovan a empatía e a reflexión no alumnado. Estes materiais de comunicación, xunto aos datos recollidos na liña base, serán o centro sobre o que pivotará a metodoloxía de educomunicación creada ad hoc para Xeración Contrainfo. Unha vez testada na aula esta metodoloxía, elaboraremos unha guía didáctica para trasladarlle a aprendizaxe ao profesorado.

3. A aplicación da metodoloxía creada ad hoc nas 6 aulas, de 3 centros educativos, nos que previamente detectamos a necesidade de abordar os discursos radicalizados. Traballaremos co alumnado durante tres meses, aplicando a metodoloxía de educomunicación, promoveremos a reflexión sobre a raíz deste tipo de discursos, deconstruíremolos, analizaremos as súas consecuencias e construiremos o noso propio contradiscurso.

4. Antes de arrincar coa metodoloxía piloto, o profesorado e o alumnado dos centros participantes terá acceso a tres materiais didácticos elaborados polo equipo de Agareso para empatizar coa realidade da xuventude de países empobrecidos intercambiado [vídeo-cartas online](#); reflexionar sobre a riqueza do intercambio cultural a través da [narración audiovisual das propias persoas migrantes](#); e coñecer máis sobre a sobreexplotación dos recursos naturais e a cultura de paz e dereitos dos pobos indíxenas a través da colección [Semillas de Cambio](#).

5. Transferir os coñecementos entre colectivos con capacidade de réplica que, ou ben están xa exercendo a profesión como comunicadoras/es ou docentes, ou están formándose para poder facelo. Polo tanto, traballaremos con tres especialidades (Pedagogía, Educación Social e Comunicación Audiovisual), co Colexio de Xornalista de Galicia e co Centro de Formación de Innovación do Profesorado. Levaremos acabo encontros, formacións e charlas nas que amosarlles os resultados do proxecto e ofrecerlles as nosas metodoloxías e guías didácticas de libre acceso para que as empreguen no seu contexto laboral. E finalmente co-organizaremos canda EAPN lo II Cumio contra o Discurso do odio para aportar e coñecer experiencias entre as entidades do Terceiro Sector.

6. O último bloque afonda no traballo que realizamos co colectivo de comunicadores/as de Galicia a través dun seminario de dous meses e medio no que realizamos 10 módulos sobre como abordar nos produtos comunicativos a defensa dos dereitos humanos, os discursos contra colectivos estigmatizados, as realidades doutros países e as ferramentas que temos nas nosas mans para poder contribuír desde a comunicación a un mundo máis informado e máis xusto. O

seminario rematará cunha acción práctica nun contexto empobrecido da que sairá unha peza documental feita polo propio alumnado.

<b>NOME DO PROXECTO</b>	Promover a co-responsabilidade e dotar de novas capacidades e ferramentas ao alumnado de educación secundaria e superior de Galicia para contrarrestar os discursos do odio desde o enfoque de dereitos humanos (Xeración Contrainfo)
<b>PAÍS</b>	España
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	37.430€
<b>COLABORADORES</b>	Arraianas, Fundación Secretariado Xitano, Sen Valos, IES Fonmiñá (A Pastoriza), IES do Milladoiro (Ames) e IES do Urbano Lugo (A Coruña)
<b>PERSOAS BENEFICIRAS</b>	150 alumnado/as de Secundaria

### 5.1.5 Radio Escolar

**Radio Escolar como ferramenta de Cambio social** é un proxecto de Agareso financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de axudas destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do IRPF. Busca elaborar un programa completo que permita darlle aos centros educativos e ao alumnado en particular, ferramentas para loitar contra o discurso do odio a través da radio.



Este foi un proxecto que no curso 21/22 se levou a cabo no **IES Rafael Dieste da Coruña**, onde o alumnado de 4º da ESO participou en dúas xornadas de obradoiros de 100 minutos cada unha por aula. Neste caso os talleres centráronse en saber identificar e combater o discurso do odio cara o colectivo LGTBI+ e celebráronse durante o mes de marzo. As persoas participantes no obradoiro sumerxíronse primeiro en certos conceptos teóricos e tiveron oco despois para poñelos en práctica. Aprenderon o que é o discurso do odio, como identificalo tanto nos medios como nas redes e a maneira de poder revertelo para comunicar de forma respetuosa co colectivo LGTBI. Durante os talleres aprenderon tamén a empregar as ferramentas da radio e a familiarizarse co medio. Ao final, fixeron o seu propio podcast, no que cada clase tivo a oportunidade de facerlle unha entrevista a unha persoa activista a prol do colectivo LGTBI+. (<https://www.agareso.org/gl/que-facemos/proxectos-educativos/radio-escolar-irpf/> )

Dentro deste proxecto, tamén se incluíron obradoiros destinados a profesorado, para darlles as ferramentas para facer formación continua nos centros contra o discurso do odio. Os centros nos que se impartiron foron o **CPI Plirilingüe Virxe da Cela**, en Monfero, e o **CEIP López Ferrerio**, en Santiago de Compostela. A acollida en ambos centros foi moi positiva e por iso superamos amplamente o indicador proposto na formulación do proxecto (12) e chegamos a 19 profesores e profesoras. A execución foi os días 8 de novembro no Virxe da Cela e o 9 de novembro no López Ferreiro. Realizaronse dous obradoiros de 4 horas cada un (un obradoiro por centro).

Neles, falouse dos valores da ferramenta da radio en educación. Compartimos co profesorado contido técnico e tamén metodoloxías para traballar nas aulas empregando a ferramenta da radio. Ademais de aprofundar no contido do programa, o discurso do odio, e de deixar claro que eles e elas, como profesionais do ensino teñen moito que aportar nesta materia.

Ademais, tamén se realizou unha guía didáctica para facilitar este cometido, esta pretende ser de libre uso e está accesible para todos os profesionais que a precisen (<https://drive.google.com/drive/u/1/folders/1aaKNkuHjgbV80zw8h4nAi4CGZhlkdqD> ).




<b>NOME DO PROXECTO</b>	Radio Escolar como Ferramenta de Cambio Social
<b>PAÍS</b>	España
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	6243€
<b>SOCIOS LOCAIS</b>	
<b>PERSOAS BENEFICIRAIS</b>	72 persoas de xeito directo (53 alumnos e 19 profesores).
<b>FINANCIADOR</b>	Consellería de Política Social, Xunta de Galicia

### 5.1.6 Memoria Democrática

**Creación de audios pola memoria das mulleres** é un proxecto de Agareso financiado polo Ministerio de Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria democrática. Busca crear audios con enfoque pedagóxico e feminista para sensibilizar e concienciar sobre o aporte das mulleres galegas á loita contra o franquismo.

Neste proxecto participaron 4 centros educativos galegos: IES Valadares (Vigo), CPI de Xanceda, CPI Virxe da Cela (Monfero) e IES Xelmírez II (Santiago de Compostela). Todas elas tiveron varios obradorios nos que coñecer o contexto da Guerra Civil Española, a posguerra e a posterior ditadura. Ademais, afondaron na represión sufrida polas mulleres durante esta época.



O propio alumnado foi o encargado de buscar, nas súas contornas, historias de mulleres represaliadas, contribuíndo deste xeito á Memoria democrática galega. O resultado son 10 podcast que falan da represión sufrida polos galegos e galegas, un tema que lles era totalmente alleo a esta mocidade. Poden escoitarse aquí: <https://go.ivoox.com/sq/1548474> .

Os alumnos e alumnas do **IES Xelmírez II** entrevistaron a parte das súas avoas para obter testemuñas da represión franquista durante a Guerra Civil e a Dictadura. Elas, con moita xenerosidade relataron cómo viviron esa época co condicionante de ser mulleres.

O alumnado de 1º C do colexio público santiagués **IES Xelmírez II** elaborou o seu podcast sobre a represión das mulleres durante a Guerra Civil e posterior ditadura española. Nel, relatan todo o aprendido durante 3 xornadas de obradoiros e ademais, unha das alumnas da clase conta a historia que a ela lle contou a súa avoa.

3º e 4º da ESO do **CPI Virxe da Cela, en Monfero**, rematou o seu podcast sobre a represión das mulleres durante a Guerra Civil española e a posterior ditadura. Para elaboralo, entrevistaron aos seus avós e avoas e tamén recolleron a historia da mestra fusilada Mercedes Romero Abella.

O alumnado de 1º e 2º da ESO do **CPI Virxe da Cela de Monfero** contou coa testemuña de Carmen, unha das súas avoas e tamén analizou a historia de Amada García, represaliada durante a Guerra Civil.

Os mozos e mozas de **3º do instituto de Xanceda** falan no seu podcast do contexto da Guerra Civil en Galicia e particularmente na comarca de Ordes. Así, falan de Foucellas, de represión.... En concreto, contan con testemuñas de algúns avós, e tamén de unha neta de asasinado que narra o drama que viviu a súa familia.

Na aula de **4º da ESO do CPI de Xanceda** fixeron un podcast sobre memoria democrática cargado de testemuñas. Contaron coas voces de multitude de veciños e veciñas que colaboraron con eles para ter unha radiografía máis ampla do que aconteceu na época.

A rapazada de **4ª do IES Valadares** aprendeu como era a vida durante a ditadura franquista e a previa Guerra Civil. Deste volta incluíron no seu podcast unha entrevista a Prudencio, que fala de diferentes tipos de represión.

Os alumnos de **4º B do IES Valadares**, de Vigo, analizaron en profundidade no seu podcast a exposición Rexas, da Deputación de Pontevedra. Nela faise un percorrido polas mulleres vítimas da represión franquista. A maiores, incluíron a entrevista a avoa de unha compañeira, que narra cómo viviu a súa familia a represión.

A Deputación de Pontevedra conta con diferentes recursos relacionados coa memoria histórica. O alumnado do **IES Valadares (1º C)** sumerxiuse desta volta na páxina web *Dogrisaovioleta* para consultar as biografías de Elvira Lodeiro e Consuelo Acuña.

O grupo de **4º D do IES Valadares** contou con parte dos arquivos históricos do grupo Terra e Memoria, da USC. Neste caso incluíron no podcast a historia de Urania Mella, baixo as testemuñas dos seus fillos Raúl e Conchita Solleiro Mella .

A maiores, tamén se elaborou unha guía didáctica, para que o programa sexa replicable en aqueles centros que estén interesados. É de libre uso e descarga: <https://www.agareso.org/wp->

<b>NOME DO PROXECTO</b>	Creación de audios pola memoria das mulleres
<b>PAÍS</b>	España
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	10.000€
<b>SOCIOS LOCAIS</b>	
<b>PERSOAS BENEFICIRAIS</b>	110 alumnos/as da ESO de Galicia
<b>FINANCIADOR</b>	Ministerio da Presidencia

## 5.2. Proxectos de acción social

### 5.2.1 A Tribu 2022-23

Fundación laCaixa volveu recoñecer na convocatoria Interculturalidad y acción social de 2022 o proxecto de intervención social A Tribu, que desenvolvemos xunto con Igaxes, só que nesta edición xa non son socios do proxecto, só colaboradores.

Esta terceira edición de A Tribu comezou en xullo de 2022 e estenderase ata o verán de 2023, cunha vintena de mozos tutelados/as polo Estado ou en risco de exclusión social, empregando metodoloxías de comunicación participativa para axudalos a converterse en axentes de cambio social.

As metodoloxías asistenciais empregadas habitualmente con este colectivo non permiten lograr cambios sociais profundos e poden mesmo profundar na súa sensación de "incapacidade" á hora de alcanzar os mesmos obxectivos que outros/as adolescentes da súa contorna educativa e social. Con todo, o traballo que vén desenvolvendo con elas e eles Agareso desde hai anos demostra que as e os mozos en situación de desvantaxe responden magnificamente ás dinámicas que estimulan as súas capacidades e a súa autoconfianza. A habitual falta de "capacidade de escoita" por parte das e os adultos ten consecuencias desastrosas nestas/vos mozas. Elas e eles non cren que a súa opinión, a súa #achegar ou o seu esforzo poidan contribuír a mellorar a sociedade da que forman parte. A Tribu daralles as ferramentas necesarias para escoitarse a si mesmos/as, en primeiro lugar, e para facerse ouvir polo conxunto da sociedade, despois. A metodoloxía participativa é complexa e lenta na súa aplicación, pero os seus resultados directos e indirectos son enormes, cuantificables e replicables dentro e fóra do proxecto.

A entidade especializada neste colectivo IGAXES seleccionou 21 mozos e mozas titorizados e en situación de vulnerabilidade económica e social e ofreceu a AGARESO unha formación sobre as

súas problemáticas concretas do grupo e como abordalas e acompañará o proceso ao longo dunha completa formación en comunicación participativa e xornalismo cidadán na que se mobilizarán os recursos persoais e técnicos de Agareso e da que resultarán unha serie de produtos audiovisuais, sonoros e gráficos.

O proceso de empoderamento e participación concluirá coa elaboración e lanzamento dunha campaña de sensibilización protagonizada polas e os mesmos rapaces, que serán tamén os encargados de devolver os resultados de todo o proceso -sempre acompañados/as polo equipo do proxecto- á sociedade, a través de presentacións públicas en centros de ensino secundario e universitario e nunha sala de cinema comercial. As mensaxes definidas, elaborados e protagonizados por estas/vos mozas chegarán así á sociedade galega, interpelándoa na busca do cambio social que elas e eles reclaman.

Máis información: <https://www.agareso.org/gl/que-facemos/accion-social-gal/a-tribo/a-tribo-edicion-2020-21/>

<b>NOME DO PROXECTO</b>	A Tribo
<b>PAÍS</b>	Galicia, España
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	40.000€
<b>SOCIOS LOCAIS</b>	Igaxes
<b>PERSOAS BENEFICIRAS</b>	20 mozas e mozos en risco de exclusión (10 deles tutelados/as polo Estado) 20 profesionais e persoas voluntarias da organización

## 5.3 Proxectos de cooperación

### 5.3.1 El Salvador: A loita polos dereitos á saúde das mulleres desde as comunidades e movementos feministas

A intervención que comezamos a executar este 2022 é a terceira fase do proxecto **Fortalecer os mecanismos de participación cidadá e acceso a servizos públicos de saúde de calidade, especialmente da sexual e reprodutiva, no Municipio de Jiquilisco, Baixo Lempa, O Salvador**, financiado nos seus dúas primeiras fases pola Xunta de Galicia, nas convocatorias 2018 e 2020.

Tras a finalización da anterior fase realizouse un proceso de avaliación que nos permitiu sistematizar as leccións aprendidas e identificar aquelas liñas e compoñentes que requirían dun seguimento, de face a expor a presente estratexia, como peche da intervención. O resultado,

que se vai a desenvolver, volve expor a idoneidade do consorcio ACP/AGARESO, xunto á contraparte APROCSAL.

O proxecto, nesta terceira fase, busca consolidar as capacidades de articulación e incidencia comunitaria para o gozo do Dereito Humano á Saúde, incidindo e fortalecendo os mecanismos de participación cidadá para a mellora do acceso e control da uns servizos públicos de saúde, especialmente de saúde sexual e reprodutiva (SSR).



A intervención estruturouse ao redor de cinco eixos:

**O fortalecemento do movemento social comunitario e municipal, para a co-xestión das políticas públicas de saúde.** Dáselle continuidade ao fortalecemento, para a súa consolidación, da Rede de promotoras, quen realizarán un novo proceso formativo, para continuar coa súa especialización. Ademais, e respondendo á identificación, realizarase un proceso formativo con adolescentes e mozos ao redor da incidencia en DDSSyRR, para promover a súa incorporación aos espazos organizativos e de participación en saúde. Ambos os grupos poboacionais fortalecerán aos comités comunitarios e municipais organizados polo dereito á saúde (integrados tamén no Foro Nacional de Saúde) coa súa incorporación, así como as capacidades comunitarias en materia de saúde, con énfase en SSR, mediante a realización de estudos de contraloría social aos servizos de SSR, atencións básicas e a realización de festivais comunitarios.

**Apoiarase aos servizos sanitarios públicos de detección e tratamento básico de cancro cérvico-uterino e mama para 600 mulleres das 17 comunidades.**

**En terceiro lugar, fortaleceranse a Titulares de Responsabilidade (TdR) e Titulares de Obrigacións (TdO), e por tanto aos espazos intersectoriais, en materia do dereito humano á saúde e SSR, con especial incidencia na mocidade.** Nese sentido, tamén levará a cabo un proceso formativo, acreditado pola Universidade do Salvador, que permita fortalecer coñecementos e ferramentas en materia de Dereitos Sexuais e Reprodutivos (DDSSyRR) de TdR e TdO, e, ademais, fortalecerase á Departamental do Sur do FNS, como espazo departamental para a organización, participación e incidencia en materia de dereito á saúde e DDSSyRR. Ademais, fomentárase a xeración de espazos para o diálogo e encontro, a través da celebración dun Foro Departamental.



**A nivel nacional fortaleceranse as estruturas do FNS para a súa incidencia para o cumprimento do dereito á saúde.** Así, reforzaranse as capacidades e ferramentas para a comunicación e incidencia da Rede de comunicadoras/es do FNS, e a Mesa Sectorial de Saúde Sexual e Reprodutiva, a través da actualización do seu plan de traballo. Ambas as estruturas participarán á súa vez no deseño e socialización dunha campaña comunicacional sobre DDSSyRR. A nivel nacional tamén se buscará a xeración de espazos para o diálogo e o encontro, realizándose un Foro Nacional sobre DDSSyRR.

**Por último, e sendo que o movemento feminista de Latinoamérica e O Caribe decidiu retomar a celebración do Encontro Feminista de Latinoamérica e Caribe (EFLAC),** participárase na organización e execución do 15º EFLAC que terá lugar a mediados de 2023 e no encontro preparatorio de Guatemala no 2022.

Durante a organización, apoiárase o deseño e execución da estratexia comunicacional do EFLAC, e a creación dun tema de hipo hop sobre DDSSyRR a modo de himno do EFLAC. Previa a esta creación, e como un traballo de xeración dun contexto facilitador, realizaranse tanto ciclos de proxeccións sobre DDSSyRR, como talleres de hip hop con mozos.

<b>NOME DO PROXECTO</b>	<b>Fortalecer os mecanismos de participación cidadá e acceso a servizos públicos de saúde, de calidade, especialmente da sexual e reprodutiva nos municipios de Jiquilisco e Usulután. O Salvador</b>
<b>PAÍS</b>	El Salvador
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	256.611,04
<b>SOCIOS GALEGOS E LOCAIS</b>	Asamblea de Cooperación pola Paz y Aprocsal (+ Colectiva Feminista)
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	2.697 persoas
<b>FINANCIADOR</b>	Cooperación Galega. Xunta de Galicia

### 5.3.2 El Salvador: mulleres en loita polo dereito á xestión da Auga

As problemáticas ambientais afectan especialmente as e os habitantes das comunidades e, aínda que existen mecanismos para denunciar, estes non son o suficientemente coñecidos para facelo sen medo ou para impulsar accións de *contraloría* social e cidadá. Por outra banda, o desinterese e a falta de educación ambiental da poboación xeran un certo acomodo das institucións e das diferentes estruturas comunitarias para a defensa, promoción, protección e restauración dos Dereitos e da Xustiza Ambiental.

Este proxecto busca o fortalecemento dos liderados e da participación cidadá de mulleres ambientalistas na promoción dos dereitos ambientais e na defensa do territorio dos municipios de Suchitoto, Candelaria e Tenancingo a partir da *contraloría* social e da sensibilización ambiental comunitaria.

A proposta suma, tamén, a promoción da participación das mulleres na defensa do Dereito Humano á Auga e a protección dos bens naturais. Desde o Eixo de Feminismo e Xustiza Ambiental vén traballando na sensibilización ambiental, o empoderamento e a formación política de mulleres para que poidan ir xerando cambios no seu actuar persoal, comunitario e municipal, en primeira instancia vinculándose ás estruturas comunitarias ou municipais para a defensa e protección da auga e do territorio.

Dentro deste proxecto no 2022 a activista salvadoreña **Laura Herrera**, responsable do Programa Feminismo e Xustiza Ambiental da **Colectiva Feminista Para o Desenvolvemento Local**, visitou Galicia a través do financiamento do Fondo Galego de Cooperación. O seu traballo de incidencia centrouse nas localidades de Tomiño, Burela, Cariño, Pontedeume, Cabanas e Nigrán, onde explicou as consecuencias que ten para El Salvador a mala xestión dos recursos naturais e explicou en qué consiste o **movemento salvadoreño para a xestión popular da auga**, así como as sinerxias que se xeraron para tecer este movemento a nivel municipal e social.

A activista defendeu o dereito humano á auga, por riba dos intereses empresariais, e falou sobre o traballo que se realizan nas comunidades rurais de El Salvador nunha intensa xira pola xeografía galega na que puido conversar coa alcaldesa de Tomiño e cos alcaldes de Burela, Pontedeume, Cabanas e Nigrán, ademais de con concelleiras e concelleiros responsables das distintas áreas, con persoal municipal encargado das labores de xestión da auga, de igualdade, de participación e da axenda 2030 e con entidades sociais de todas as localidades.



Tamén tivo ocasión de conversar con alumnado de Tomiño e Nigrán e visitou dous sistemas de xestión da auga: a estación de tratamento de auga potable de Cabría, en Pontedeume, xestionada pola empresa Viaqua; e unha traída de auga comunitaria, en Nigrán, onde estivo acompañada por responsables da [Asociación de traídas de auga rural, Coxapo](#), que a informaron sobre as problemáticas que afrontan no seu labor no territorio galego. Finalmente, puido coñecer as mulleres implicadas na xestión da auga nas parroquias do municipio pontevedrés e escoitar as dificultades que atopan, tamén en Galicia, á hora de participar nun sector tradicionalmente tan masculinizado.



Os membros das corporacións locais interesáronse por como recibían as administracións locais salvadoreñas o proxecto, valorando a dimensión municipalista da proposta, así como polos próximos pasos e obxectivos. Tamén preguntaron pola posibilidade de desenvolver un traballo similar nas escolas e sobre como se traballa cos homes das comunidades para que vexan con bos ollos a incorporación das mulleres a postos nos que tradicionalmente non estaban representadas.

O alcalde de Pontedeume mencionou tamén o episodio de turbidez que presentaron hai uns anos as augas da localidade, recordando os dez "catastróficos" días sen acceso á auga, poñendo de manifesto "o importantísimo deste recurso que moitas veces non valoramos como deberíamos".

Os representantes da corporación municipal de Cabanas, pola súa banda, salientaron a importancia da organización social "en rede", reflexionando sobre o importante papel que desenvolven as mulleres do rural na localidade e valorando moi positivamente a experiencia da organización salvadoreña.

Escola de lideresas e comunicadoras comunitarias

Nesas xuntanzas, a activista salvadoreña presentou tamén os resultados da [Escuela de lideresas por la defensa ambiental](#) que a Colectiva Feminista desenvolveu ao longo do último ano no Departamento de Cuscatlán, coacompañamento de Agareso e co financiamento do [Fondo Galego de Cooperación](#).

Herrera contextualizou a situación medioambiental que están a vivir moitos dos países latinoamericanos e como as nosas pautas de consumo xeran impactos negativos en países como El Salvador. E explicou os mecanismos de participación cidadá que promoveu a Colectiva Feminista para visibilizar esta situación, como a Consulta Popular polo Dereito Humano á Auga, que pretende regular as actividades que afectan a xestión integral da auga, garantindo a súa sustentabilidade e que a poboación sexa prioridade na súa distribución.

En El Salvador, as problemáticas ambientais afectan especialmente as e os habitantes das comunidades pobres e rurais e, aínda que existen mecanismos para denunciar, estes non son o suficientemente coñecidos para facelo sen medo ou para impulsar accións de contraloría social e cidadá. Por outra banda, o desinterese e a falta de educación ambiental da poboación xeran un certo acomodo das institucións e das diferentes estruturas comunitarias para a defensa, promoción, protección e restauración dos Dereitos e da Xustiza Ambiental.

Tanto Agareso como o [Fondo Galego de Cooperación](#) buscan, con estas actividades, **dar a coñecer os resultados do proxecto, vincular as loitas de Sur coas que se están a dar en Galicia, e sensibilizar tanto aos concellos, como aos medios de comunicación e os movementos sociais da necesidade de xerar sinerxias para que estas loitas poidan ter impacto.**

Na súa visita a Galicia, Laura Herrera tivo ocasión de conversar con algunhas das lideresas galegas que, nos últimos anos, foron ocupando pouco a pouco cargos de responsabilidade nas comunidades de xestión de auga de Coxapo. Nese intercambio, puido comprobar que as problemáticas que limitan o acceso das mulleres aos postos de liderazgo son globais e que as



estratexias e solucións tamén o poden ser. Unha destas mulleres que agora vos presentamos expresou na súa conversa coa activista salvadoreña que o camiño que a levou cara a un posto de responsabilidade na xestión da auga da súa comunidade non foi sinxelo, pero que non se arrepinte de telo feito: “é importante que nós esteamos aquí, para as mulleres de hoxe e para as que veñan detrás”.

<b>NOME DO PROXECTO</b>	Mulleres lideresas pola defensa e pola sostibilidade ambiental no Departamento de Cuscatlán (El Salvador)
<b>PAÍS</b>	El Salvador
<b>IMPORTE EXECUTADO</b>	35.020,78€ (+3000€ de sensibilización)
<b>SOCIOS GALEGOS E LOCAIS</b>	La Colectiva Feminista
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	Mujeres lideresas del municipio de Suchitoto.

### 5.3.3 El Salvador: A pesca artesanal e a defensa do medio ambiente

A intervención que se reporta no presente informe deu continuidade ao traballo executado por ACP-AGARESO xunto coas socias locais CORDES e Fundación Comunicándonos, centrada no desenvolvemento costeiro mariño da zona do Estero de Jaltepeque, co apoio ao sector pesqueiro e acuícola entendido na súa amplitude de perfís e desenvolvementos produtivos, ao sector ecoturístico e á conservación e protección do medio ambiente, así como á comunicación e incidencia, desde unha perspectiva integral que vincula as distintas actividades, e os enfoques de xénero e medio ambiente de forma transversal.

A estratexia expúñase ao redor de varios eixos, ilustrados cada un deles nos Resultados Esperados que conforman a matriz:

No R2 finalizábase co proceso de innovación consistente na construción dunha nova embarcación para o sector pesqueiro artesanal, coa que se busca mellorar as condicións de seguridade no mar, e, por tanto, as condicións nas que o sector desenvolve a súa principal actividade económica.

